

1. Revisa o seguinte texto elaborado por un alumno utilizando a IA. Despois:

- a) Identifica todas as informacións erradas (0,5 puntos)
- b) Explica e corrixe os erros detectados (0,5 ptos.)
- c) Redacta correctamente un texto argumentativo sobre ese mesmo tema. Inclúe as datas concretas, nomes de institucións e persoeiros que estimates relevantes (1,5 ptos).

“O conde duque de Olivares intentou reformar a monarquía hispánica cunha política de austeridade que recortou os gastos da corte e a concesión de mercedes e prebendas ademais de xulgar a camarilla corrupta dos duques de Lerma, Osuna e o marqués de Sete Igrexas. Instaurou os xuízos de gobernanza para controlar o enriquecemento patrimonial dos cargos públicos e aumentou a presión fiscal a toda a sociedade castelá, nomeadamente co imposto dos millóns polo consumo de produtos básicos como eran o aceite, a carne, o pan, o vinagre e o viño. Emitiu xuros para reducir a débeda do estado e fomentou o mercantilismo creando compañías comerciais que operaban dende Cádiz cos portos flamencos, mediterráneos e da Europa septentrional. Co mesmo fin concedeu permisos de comercio aos cabaleiros das ordes militares castelás e aos nobres de Aragón.

Olivares deseñou o proxecto da Unión de Armas só para frear a ameaza francesa nas fronteiras dos reinos desa Coroa, formando un exército permanente de 140.000 soldados que sosteían en proporción ás ameazas fronteirizas que tiveran derivadas da súa situación xeográfica. O envío de tropas portuguesas a Cataluña en 1640 aumentou o descontento das elites autóctonas pola castelanización dese reino e os ataques de ingleses e holandeses no seu imperio colonial. O duque de Bragança liderou a sublevación que rematou independizándose da soberanía de Felipe III quen cesou a don Gaspar de Jovellanos en 1643 e acabou mantendo o ordenamento foral na coroa de Aragón”.

2ª. Revisa o seguinte texto elaborado por un alumno utilizando a IA. Despois:

- a) Identifica as informacións erradas (0,5)
- b) Explica os erros detectados (0,5 pto.)
- c) Redacta correctamente un texto argumentativo sobre ese mesmo tema. Inclúe as datas concretas, nomes de institucións e persoeiros que estimates relevantes (1,5 ptos.).

“A estabilidade política o crecemento económico e demográfico derivado daquel e o esplendor cultural marcaron a evolución de Galicia no século XVII. A primeira derivou da administración de xustiza e da fiscalidade pola Real Audiencia da Coruña como delegada do Consello Real de

Castela e da defensa dos intereses de todo o territorio do reino pola Xunta de Galicia fronte ao poder do Gobernador e Capitán Xeral que presidía ambas institucións por designación real. Por iso recuperaron o voto en Cortes, que usurpara Valladolid, en 1623 e moitas vilas pagaron á Coroa para ser territorio de reguengo libre de señoríos nobiliarios nin da Igrexa.

As actividades pesqueiras desenvolvéronse baixo a protección das armadas reais aos cercos e traíñas dos gremios de mareantes, sobre todo dende Noia e Muros ata Viveiro, pasando por Betanzos e a Coruña.

A expansión do cultivo do millo, de orixe peruano, favoreceu o aumento dos rendimentos en rotacións máis curtas e complexas que intensificaron o adubado con toxo, o uso de arados de vertedeira tirados por xugadas de vacas ou bois e o acortiñamento desas veigas.

A ausencia da alta nobreza favoreceu a consolidación social da fidalguía cuxas orixes históricas se vencellan cos contratos forais baixo medievais e a posterior conversión en intermediarios no cobro de rendas monetarias aos labregos subforeiros entregando só parte delas aos mosteiros e nobles foratarios.

A furia construtiva de pazos rurais e vilegos, campanarios nas igrexas, casas reitorais con grandes horreos, mosteiros rurais e en Santiago de Compostela explícase, precisamente, polo aumento das rendas derivadas dun sistema agrícola progresivamente complexo e moi produtivo durante ese longo solpor barroco que se mantivo durante todo o século XVIII a pesares da supresión dos contratos forais pola Pragmática Resolución Carolina de 1763”.

3ª. Revisa o seguinte texto elaborado por un alumno utilizando a IA. Despois:

- a) Identifica as informacións erradas (0,5)
- b) Explica os erros detectados (0,5 pto.)
- c) Redacta correctamente un texto argumentativo sobre ese mesmo tema. Inclúe as datas concretas, nomes de institucións e persoeiros que estimes relevantes (1,5 puntos).

“Segundo o prestixioso hispanista británico Henry Kamen “los que se jugaron las potencias marítimas y Francia en la Guerra de Sucesión española era el dominio sobre el comercio y el oro de las indias” (1974, *La Guerra de Sucesión en España, 1700-1715*, páx. 189). Por iso Holanda apoiou a Felipe de Anjou, o candidato francés con máis dereito á herdanza de Carlos II, mentres que Inglaterra apostou polo candidato austríaco e Francia non quería que este reeditase o imperio continental de Carlos V.

Nos reinos peninsulares houbo, tamén un conflito interno entre as elites nobiliarias de Castela que preferían ao candidato austríaco comprometido coa salvagarda do ordenamento foral e dos privilexios estamentais, e os representantes das xentes do común (o terceiro estado) partidarias

do absolutismo francés para manter unidos os reinos e garantir o comercio co imperio colonial dende Cádiz fronte ás ameazas dos corsarios europeos.

As tropas de Felipe de Anjou impuxéronse na península pero o bando austracista fíxoo en Europa ata que Carlos de Habsburgo herdou o trono imperial. Entón os británicos e os holandeses promoveron as paces de Westfalia (1713) e Rastatt polas cales recoñeceron a Felipe V como rei de España a cambio de importantes concesións territoriais e Italia, na propia península (Menorca) e no comercio colonial con América (navíos con permiso de asentamento de negros)”.